



AYUNTAMIENTOS

BALEIRA

Edicto

Solicitando desta Alcaldía D. Manuel Dorado Alvarez licenza municipal para legalización de actividade gandeira e ampliación de construcións agrarias a situar en Xestoso, cumprindo o disposto no art. 8.3 do Decreto 133/2008, do 12 de xuño, no que se regula a avaliación de incidencia ambiental, sométese a información pública por período de vinte días hábiles, co fin de que durante o mesmo –que comezará a contarse desde o día seguinte ó da inserción do presente edicto- poidan examinalo expediente, na Secretaría deste Concello, as persoas que dalgún xeito se consideren afectadas pola actividade que se pretende instalar e formular por escrito as reclamacións ou observación que se estimen oportunas.

En Baleira, a 10 de xullo de 2009.- O Alcalde, Francisco Acal Eiros.

R. 04077

BURELA

Anuncio adxudicación definitiva

Mediante acordo plenario de data 13 de xullo de 2009, adxudicouse definitivamente o contrato de xestión do servizo público de abastecemento de auga potable do Concello de Burela, mediante a modalidade de concesión, o que se publica aos efectos do artigo 138 da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público.

1. Entidade adxudicadora.

a) Organismo: Concello de Burela.

b) Dependencia que tramita o expediente: Secretaría.

2. Obxecto do contrato.

a) Descrición do obxecto: Xestión do servizo público de abastecemento de auga potable.

b) Data publicación anuncio licitación: 16/03/2009

3. Tramitación, procedemento.

a) Tramitación: Ordinaria.

b) Procedemento: Aberto con multiplicidade de criterios.

4. Adxudicación definitiva:

a) Data: 13/07/2009

b) Contratista: Espina & Delfin, S.L.

c) Nacionalidade: Española.

d) Importe canon: 751.012,17 euros.

Burela, 13 de xullo de 2009.- O Alcalde, Alfredo Llano García.

R. 04010

CASTRO DE REI

DECRETO DA ALCALDÍA Nº. 77/2009

D. Juan José Díaz Valiño, Alcalde-Presidente do Concello de Castro de Rei (Lugo).

Visto que durante os días 13 a 27 de xullo de 2009, ámbolos dous incluídos, estarei ausente do termo municipal.

En virtude do establecido nos artigos 63 da Lei de Administración Local de Galicia, aprobada o 22 de xullo de 1997 e 47 e 48 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 2.568/1986, de 28 de novembro

RESOLVO:

Primeiro.- Que as facultades inherentes a esta Alcaldía sexan asumidas polo primeiro tenente de Alcalde, D. Roberto Lorenzo Fernández.

Segundo.- O presente Decreto entrará en vigor e producirá efectos a partir do día 12 de xullo de 2009.

Terceiro.- Do presente Decreto darase conta ó Pleno na primeira sesión que teña lugar e publicarase no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de edictos deste Concello. Así mesmo, comunicárase ó interesado para a súa aceptación.

Castro de Rei, 9 de xullo de 2009.- O ALCALDE, ilexible.

R. 04023

CASTROVERDE

Elevándose a definitivo o acordo adoptado polo Pleno da Corporación, na sesión celebrada o día de 28 de maio de 2009, de aprobación da Ordenanza Fiscal Reguladora do Prezo Público polo Servizo de Axuda no Fogar, ó non presentarse reclamacións durante o período de exposición ó público, e dando cumprimento ó artigo 17.4 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, publícase o texto íntegro da mesma

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA A DOMICILIO.

Art. 1.- Concepto.- De conformidade co previsto no art. 41 do Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, establécese o prezo público pola prestación do Servizo de Axuda no Fogar.

O prezo público regulado na presente ordenanza constitúe unha prestación patrimonial de carácter público que se satisfará polos usuarios/as que voluntariamente soliciten a prestación do Servizo Municipal de Axuda no Fogar, conforme á regulamentación do mesmo aprobada polo Pleno do Concello.

Art. 2.- Obrigados ao pago.- Estarán obrigados/as ao pago do prezo público regulado na presente ordenanza os/as que se beneficien da prestación do servizo de axuda no fogar. Para ser beneficiario/a do mesmo, estarase ao establecido no regulamento do servizo.

A obriga de pagamento nace desde o momento no que se inicie a prestación do servizo.

Art. 3.- Prezo.- A contía do prezo regulado na presente ordenanza, fixarase de conformidade coas porcentaxes contidas no apartado seguinte. A súa determinación ou liquidación realizarase no momento do inicio da prestación do servizo polo órgano competente, previo informe do traballador social.

O importe do prezo público determinarase mediante a aplicación das seguintes porcentaxes sobre o custe total por hora do servizo:

CAPACIDADE ECONÓMICA DA PERSOA USUARIA	APORTACIÓN
igual ou inferior IPREM	Exento
Superior 100% e inferior 150% IPREM	15% do custo do servizo
Superior 150% e inferior 300% IPREM	20% do custo do servizo
Superior 300% e inferior 400% IPREM	40% do custo do servizo
Superior 400% e inferior 500% IPREM	60% do custo do servizo
Superior 500% IPREM	65% do custo do servizo

A cuantificación do prezo da hora, fixase no importe de 12 euros, para o presente exercicio, incrementándose anualmente segundo a porcentaxe de aumento do IPREM.

O prezo que deberá aboar cada mes o/a usuario/a será o resultante de aplicar as porcentaxes anteriores, correspondentes á aportación do usuario/a, sobre a contía que resulte da multiplicación do prezo hora do servizo polo número de horas concedidas ao usuario.

Aos efectos de establecer unha contía fixa tódolos meses para o cálculo de horas mensuais multiplicaranse as horas semanais x 4,34.

Art. 4.- Normas de xestión.- As cantidades esixibles liquidaranse trimestralmente polo Concello, prorrateándose o seu importe cando se liquiden meses incompletos.

Descontaranse das liquidacións mensuais aquelas horas non prestadas por causas imputables ao Concello e aquelas imputables ao beneficiario/a que non se puideran prestar por causas debidamente xustificadas e documentalmente acreditadas.

O pago do prezo público realizarase polos obrigados/a ao mesmo mediante domiciliación bancaria ou pagamento na tesourería do Concello.

A primeira liquidación, ou as posteriores nas que se modifiquen os seus elementos esenciais, notificarase ao interesado/a. As sucesivas liquidacións entregaranse á entidade bancaria donde estivese domiciliado o pagamento ou recolleranse no propio Concello, debendo efectuarse o pagamento nos primeiros quince días naturais do mes seguinte ao que sexa obxecto de liquidación.

As débedas polo prezo público regulado na presente ordenanza poderanse esixir polo procedemento administrativo de constriximento, no caso de impago por parte do beneficiario/a en período voluntario.

DISPOSICIÓN DERROGATORIA.

Queda derogada a ordenanza fiscal reguladora do prezo público do servizo de axuda no fogar aprobada polo Pleno da Corporación na sesión de 18 de xuño de 1998 publicada no B.O. da Provincia de 21 de setembro de 1998.

DISPOSICIÓN FINAL.

A presente ordenanza entrará en vigor e producirá efectos a partir da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, unha vez transcurrido o prazo a que se refire o art. 65 da Lei 7/85 de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, mantendo a súa vixencia ata a súa modificación ou derogación.

RECURSOS: De conformidade co disposto no artigo 19.1 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, contra o acordo de referencia os interesados legítimos poderán interpor o correspondente recurso contencioso-administrativo nos prazos e formas que establece a Lei Reguladora de dita xurisdicción.

Castroverde, 13 de xullo de 2009.- O Alcalde, Xosé M^a Arias Fernández.

R. 04070

CHANTADA*Anuncio*

Por Decreto de Alcaldía do día 13/07/2009 acordou-se abrir un novo prazo de presentación de proposicións á seguinte concesión demanial:

1. Entidade adxudicadora.

a) Organismo: Concello de Chantada.

b) Dependencia que tramita o expediente: Departamento de contratación.

c) Número de expediente: 266/104/2009.

2. Obxecto da concesión.

a) Descrición do obxecto: Concesión administrativa do bar do antigo campo da feira de Chantada.

b) Lugar: Chantada.

c) Prazo de duración: 15 anos prorrogables de cinco en cinco anos ata un máximo de 25 anos.

3. Tramitación e procedemento.

a) Tramitación: Ordinaria

b) Procedemento: Aberto.

4. Obtención de documentación e información.

a) Entidade: Concello de Chantada.

b) Domicilio: Praza Galicia, 1

c) Localidade e código postal: Chantada, 27500.

d) Teléfono: 982440011.

e) Fax: 982462102.

f) Páxina web: www.chantada.org.

g) Data límite de obtención de documentos e información: Ata o final do prazo de presentación de plicas.

5. Presentación das ofertas ou das solicitudes de participación.

a) Data límite de presentación: Ata as 14 h. do último día hábil dentro dos 8 días naturais seguintes a publicación do anuncio no BOP.

b) Documentos a presentar: A relación de documentos figura no prego de cláusulas.

6. Apertura das ofertas.

a) Entidade: Concello de Chantada.

b) Data: O día hábil seguinte ao do final do prazo de presentación de ofertas.

c) Hora: 12.00.

7. Garantías.

a) Provisional: Non se require.

b) Definitiva: 50.000 euros.

Chantada, 13 de xullo de 2009.- O ALCALDE, PD (Decreto 23/06/2009) Ildefonso Piñeiro Díaz.

R. 04100

—
LUGO

ESTADÍSTICA /2009.

Non sendo posible a práctica da notificación, pola presente comunícase a D. CARLOS PÉREZ RODRÍGUEZ, que con data do 25/5/2009, a tenenta de Alcalde Delegada da Área de Servizos Xerais, dona Luisa María Zarzuela González, como trámite previo á adopción da resolución que corresponda, darlle traslado do informe emitido a tal fin pola sección de estatística sobre cambio de enderezo padroal.

O texto íntegro da citada notificación, que contén datos de carácter persoal, está a disposición do interesado nas oficinas de estatística do Concello, onde poderá retirar unha copia autenticada.

Lugo, 9 de xullo de 2009.- O ALCALDE, JOSÉ CLEMENTE LÓPEZ OROZCO.

R. 04014

ESTADÍSTICA /2009.

Non sendo posible a práctica da notificación, pola presente comunícase a D. FRANCISCO JOSÉ SÁNCHEZ PÉREZ, D^a MARÍA BELÉN JATO PUENTES e D. SERGIO SÁNCHEZ JATO, que con data do 25/5/2009, a tenenta de Alcalde Delegada da Área de Servizos Xerais, dona Luisa María Zarzuela González, como trámite previo á adopción da resolución que corresponda, darlle traslado do informe emitido a tal fin pola sección de estatística sobre cambio de enderezo padroal.

O texto íntegro da citada notificación, que contén datos de carácter persoal, está a disposición do interesado nas oficinas de estatística do Concello, onde poderá retirar unha copia autenticada.

Lugo, 9 de xullo de 2009.- O ALCALDE, JOSÉ CLEMENTE LÓPEZ OROZCO.

R. 04015

ESTADÍSTICA /2009.

Non sendo posible a práctica da notificación, pola presente comunícase a D^a. AGAR JORDA ÁLVAREZ e o menor KEVIN MEHDI BEHROOZ JORDA, que con data do 25/5/2009, a tenenta de Alcalde Delegada da Área de Servizos Xerais, dona Luisa María Zarzuela González, como trámite previo á adopción da resolución que corresponda, darlle traslado do informe emitido a tal fin pola sección de estatística sobre cambio de enderezo padroal.

O texto íntegro da citada notificación, que contén datos de carácter persoal, está a disposición do interesado nas oficinas de estatística do Concello, onde poderá retirar unha copia autenticada.

Lugo, 9 de xullo de 2009.- O ALCALDE, JOSÉ CLEMENTE LÓPEZ OROZCO.

R. 04016

MURAS

Edicto

Por don Antonio Chao Camba solicitouse licencia municipal para levar a cabo o proxecto técnico de construción de establo, almacén y fosa de purín para explotación de vacuno de carne en Orxás, parroquia de A Balsa, termo municipal de Muras. Cumprindo co disposto no artigo 8.3 do Decreto 133/2008, de 12 de xuño, que regula a avaliación da incidencia ambiental, sométese a información pública polo periodo de vinte días hábiles, a fin de que durante ese prazo que comenará a contar dende o día seguinte ó da inserción deste edicto no BOP e no DOGA, poidan examinar o expediente na Secretaría so Concello, as persoas que dalgun modo poidan considerarse afectadas polas actividades a instalar e formular por escrito as reclamacións ou observacións que estimen oportunas.

En Muras, a 7 de xullo de 2009.- O Alcalde, Issam Alnagm Azzam.

R. 03977

OUTEIRO DE REI

Anuncio

Aprobado definitivamente en data 2 de xullo de 2009 por Decreto da Alcaldía, o proxecto de urbanización de vial de conexión entre os polígonos de Matela I e A Areeira promovido polo Concello, sométese o expediente a información pública polo prazo de vinte días, contados a partir da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, durante o cal poderase examinar na Secretaría municipal, en horario de oficina, e formularanse as alegacións e observacións que se consideren procedentes en escrito dirixido a Alcaldía.

Outeiro de Rei, 4 de xullo de 2009.- O Alcalde, José Pardo Lombao.

O presente acordo pon fin a vía administrativa, e poderá ser recurrido potestativamente en reposición perante o Sr. Alcalde no prazo de un mes a contar dende o día seguinte o da súa publicación oficial, ou ben recurrirse directamente perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses a contar dende dita publicación.

R. 04017

Anuncio

Aprobado definitivamente en data 3 de xullo de 2009 por Decreto da Alcaldía, a Entidade Urbanística de Xestión para o desenrolo, por sistema de concerto, do Plan de Sectorización "CC1-Polinox" promovido por parte da totalidade dos propietarios afectados, sométese o expediente a información pública polo prazo de vinte días, contados a partir da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, durante o cal poderase examinar na Secretaría municipal, en horario de oficina, e formularanse as alegacións e observacións que se consideren procedentes en escrito dirixido a Alcaldía.

Outeiro de Rei, 8 de xullo de 2009.- O Alcalde, José Pardo Lombao.

O presente acordo pon fin a vía administrativa, e poderá ser recurrido potestativamente en reposición perante o Sr. Alcalde no prazo de un mes a contar dende o día seguinte o da súa publicación oficial, ou ben recurrirse directamente perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses a contar dende dita publicación.

R. 04018

A PASTORIZA

Anuncio da adxudicación provisional de contrato

A Xunta de Goberno Local en sesión de data 26 de xuño de 2009 acordou a adxudicación provisional do contrato de prestación do servizo de limpeza de varias dependencias municipais, o que se publica aos efectos do artigo 135.3 da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público:

1.- Entidade adxudicadora

a) Organismo: Concello da Pastoriza.

b) Dependencia que tramita o expediente: Secretaría.

2.- Obxecto do contrato.

a) Tipo de contrato: Servizo.

b) Descrición do obxecto: Contratación do servizo de limpeza das seguintes dependencias municipais: A Casa Consistorial, o C.E.I.P e pavillón polideportivo de Pastoriza, o edificio da antiga Cámara Agraria, o Centro Sociocultural de Pastoriza, o C.E.I.P e pavillón polideportivo de Bretoña e o local médico de Bretoña.

3.- Tramitación, procedemento e forma de adxudicación

a) Tramitación: Ordinaria.

b) Procedemento e forma de adxudicación: Procedemento aberto atendendo a varios criterios de adxudicación.

4.- Orzamento base de licitación.

Importe anual de 50.542,15 euros IVE incluído. Corresponde ao IVE a cantidade de 6.971,33 euros.

5.- Adxudicación provisional.

a) Data: 26 de xuño de 2009.

b) Contratista: "Limpezas Novoa, S.A."

c) Nacionalidade: Española.

d) Importe da adxudicación: Nun prezo de 49.822,15 euros, IVE incluído. Corresponde ao IVE a cantidade de 6.872.02 euros.

6.- Garantía definitiva: 2.147,50 euros.

A Pastoriza, a 7 de xullo de 2009.- O Alcalde, Primitivo Iglesias Sierra.

R. 04024

Edicto

Dona María Carmen Alvarez Eiras, solicitou desta Alcaldía licenza municipal para ampliación para vacún de leite e balsa de zurro, que se situará en As Maciñeiras (Regueira). Cumprindo o disposto no parágrafo 3, do artigo 8 do Decreto 133/2008, do 12 de xuño, polo que se regula a avaliación de incidencia ambiental, sométese a información pública por período

de vinte días hábiles, co fin de que durante éste, que comezará a contarse desde o día seguinte ao da última publicación do presente edicto no BOP e no Diario Oficial de Galicia, poidan examinar o expediente, na Secretaría dente Concello, as persoas que dalgún xeito se consideren afectadas pola actividade que se pretende instalar e formular por escrito as reclamacións ou observacións que se estimen oportunas.

Pastoriza, 13 de xullo de 2009.- O Alcalde, Primitivo Iglesias Sierra.

R. 04076

QUIROGA

Polo Sr. Alcalde-Presidente sométese á Xunta de Goberno Local a aprobación do padrón de lixo-ecotaxa correspondente o terceiro bimestre do exercicio de 2009, de conformidade co disposto no artigo 102 da Lei 38/2003 Xeral Tributaria e o artigo 23 e seguintes do Real Decreto 939/2005 de 29 de xullo e a ordenanza reguladora de recollida de lixo-ecotaxa do Concello de Quiroga.

A Xunta de Goberno Local en votación ordinaria e por unanimidade dos asistentes ACORDA:

1). Prestarlle aprobación ó padrón de lixo-ecotaxa correspondente o terceiro bimestre do exercicio de 2009.

2). Que se expoña ó público polo prazo de quince días a efectos de exame e reclamacións, mediante a inserción de edicto no Boletín Oficial da Provincia, e mediante anuncio no taboleiro de edictos no Concello conforme o establecido na Lei Xeral Tributaria e na ordenanza fiscal reguladora.

3). Que se poña ao cobro nos termos do artigo 62.2 da Lei 58/2003: Se a notificación da liquidación se realiza entre os días 1 e 15 de cada mes dende a data de recepción da notificación ata o día vinte do mes posterior ou si éste non fose hábil ata o inmediato hábil seguintes; si a notificación da liquidación se realiza entre os días 16 e último de cada mes dende a data de recepción da notificación ata o día 5 do segundo mes posterior ou si éste non fose hábil ata o inmediato hábil seguinte en período voluntario. A partir da devandita data pasará á Recaudación Executiva co conseguinte recargo de apremio e demais custos derivados da execución forzosa.

Quiroga, 3 de xullo de 2009.- O concelleiro delegado, José Angel Rodríguez Raposo.

R. 03914

Polo Sr. Alcalde-Presidente sométese á Xunta de Goberno Local a aprobación do padrón de auga correspondente o terceiro bimestre do exercicio de 2009, de conformidade co disposto no artigo 102 da Lei 38/2003 Xeral Tributaria e o artigo 23 e seguintes do Real Decreto 939/2005 de 29 de xullo e a ordenanza reguladora de abastecemento de auga do Concello de Quiroga.

A Xunta de Goberno Local en votación ordinaria e por unanimidade dos asistentes ACORDA:

1). Prestarlle aprobación ó padrón de auga correspondente o terceiro bimestre do exercicio de 2009.

2). Que se expoña ó público polo prazo de quince días a efectos de exame e reclamacións, mediante á inserción de edicto no Boletín Oficial da Provincia, e mediante anuncio no taboleiro de edictos no Concello conforme o establecido na Lei Xeral Tributaria e na ordenanza fiscal reguladora.

3). Que se poña ó cobro nos termos do artigo 62.2 da Lei 58/2003: Se a notificación da liquidación se realiza entre os días 1 e 15 de cada mes dende a data de recepción da notificación ata o día vinte do mes posterior ou si éste non fose hábil ata o inmediato hábil seguintes; si a notificación da liquidación se realiza entre os días 16 e último de cada mes dente a data de recepción da notificación ata o día 5 do segundo mes posterior ou si éste non fose hábil ata o inmediato hábil seguinte en período voluntario. A partir da devandita data pasará á Recaudación Executiva co conseguinte recargo de apremio e demais custos derivados da execución forzosa.

Quiroga, 3 de xullo de 2009.- O concelleiro delegado, José Angel Rodríguez Raposo.

R. 03915

—————
RIBADEO

Anuncio

De conformidade co disposto no Regulamento de Policía de Espectáculos Públicos e Actividades Recreativas aprobado por Real Decreto 2.816/1982 de 27 de agosto (artigo 36), faise público que HDROS. DE MANUEL RODRIGUEZ, C.B. solicita licenzia municipal de apertura para SALA DE FESTAS-DISCOTECA en Avda. Asturias 20 baixo (Ribadeo).- Exponse ó público o expediente na Secretaría Xeral do Concello por prazo de DEZ DIAS para que durante o mesmo ás persoas que se consideren afectadas poidan examinalo e presentar no seu caso as alegacións ou observacións que estimen oportunas.

En Ribadeo, a 8 de xullo de 2009.- O Alcalde, Fernando Suárez Barcia.

R. 03985

—————
Anuncio

De conformidade co disposto no Regulamento de Policía de Espectáculos Públicos e Actividades Recreativas aprobado por Real Decreto 2.816/1982 de 27 de agosto (artigo 36), faise público que HDROS. DE MANUEL RODRIGUEZ, C.B. solicita licenzia municipal de apertura para CAFETERÍA en Avda. Asturias, 22 baixo (Ribadeo).- Exponse ó público o expediente na

Secretaría Xeral do Concello por prazo de DEZ DIAS para que durante o mesmo ás persoas que se consideren afectadas poidan examinalo e presentar no seu caso as alegacións ou observacións que estimen oportunas.

En Ribadeo, a 8 de xullo de 2009.- O Alcalde, Fernando Suárez Barcia.

R. 03986

—————
RIBEIRA DE PIQUÍN

Edicto

Aprobado inicialmente por el Pleno de la Corporación el presupuesto municipal para el ejercicio económico de 2009, la plantilla de personal y la relación de puestos de trabajo para dicho ejercicio, en cumplimiento de lo dispuesto en el art. 169.1 del R.D. Legislativo 2/2004, de 5 de marzo y disposiciones concordantes, se expone al público en la Secretaría de este Ayuntamiento, por plazo de quince días hábiles -que empezará a contarse desde el siguiente al de la inserción del presente edicto en el Boletín Oficial de la Provincia-, a fin de que durante el mismo puedan formularse las reclamaciones que se consideren pertinentes, las cuales deberán ser dirigidas al Sr. Alcalde-Presidente de esta Corporación.

Ribeira de Piquín, 9 de julio de 2009.- El Alcalde, Sabino Díaz Fernández.

R. 04071

—————
Información pública

O Pleno deste Concello aprobou inicialmente, na sesión do día 8 de xullo de 2009 o regulamento do servizo de axuda no fogar e a ordenanza fiscal reguladora do prezo público do dito servizo de axuda no fogar (SAF).

En cumprimento do disposto nos artigos 49 e 70.2 da Lei 7/1985, do 02 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, e o artigo 56 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, sométese o expediente ó trámite de información pública polo prazo de trinta días hábiles, a partir do seguinte á inserción do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que os interesados poidan examinalo expediente e presentar as reclamacións e suxerencias que coiden oportunas.

Transcorrido o mencionado prazo sen que se presenten reclamacións e suxerencias o expediente considerase aprobado definitivamente.

Ribeira de Piquín, 14 de xullo de 2009.- O Alcalde, Sabino Díaz Fernández.

R. 04103

SAMOS

Anuncio

Advertido erro pola Xunta de Goberno Local en sesión de data 2 de xullo de 2009, sobre aprobación inicial dos padróns municipais da taxa polo suministro de auga a Samos e parroquias limítrofes, correspondentes ao ano de 2008 e 1º trimestre de 2009, publicado no B.O.P. nº 134, de 13 de xuño de 2009, procédese a nova publicación coa enmenda correspondente.

“A Xunta de Goberno Local en sesión de 21 de maio de 2009 aproba:

Os padróns municipais da taxa por suministro de auga a Samos e parroquias limítrofes, correspondentes ao ano 2008 e 1º trimestre de 2009.

Expóñense ao público durante 30 días, na Secretaría do Concello, contados desde o seguinte ao da publicación deste anuncio no BOP, rematado este prazo sin presentarse reclamación algunha, enténdense definitivamente aprobados.

Fixase como período de cobro en voluntaria, na entidade do Banco Pastor de Samos:

Para o pago do 1º trimestre de 2009, durante o prazo de dous meses, contados dende o seguinte a publicación deste anuncio no B.O.P.

Para o pago da anualidade de 2008, durante o prazo de un ano, contado dende o seguinte a publicación deste anuncio no B.O.P.; podendo éste pagarse polo total ou en prazos, sin que devengue xuros.

Contra o acto de aprobación do padrón e das liquidacións incorporadas a éste, poderase formular recurso de reposición ante a Xunta de Goberno Local, no prazo dun mes dende o seguinte ao da finalización do período de exposición ao público do padrón de contribuintes ou ben recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, sin que se poñan interpoñer simultaneamente.

Transcurrido o período de pago en voluntaria as deudas serán esixidas polo procedemento de apremio a través do Servizo Provincial de Recaudación.

O presente anuncio surtirá os efectos de notificación de liquidación tributaria a cada un dos suxeitos pasivos.

Samos, a 10 de xullo de 2009.- O Alcalde, Julio Gallego Moure.

R. 03981

Anuncio

De conformidade coa Resolución de Xunta de Goberno de data 2 de xullo de 2009, por medio do presente anuncio efectúase convocatoria do procedemento negociado con publicidade, para a adxudicación do contrato de remate da redacción do Plan Xeral de Ordenación Municipal, conforme aos seguintes datos:

1. Entidade adxudicadora.

a) Organismo: Concello de Samos.

b) Dependencia que tramita o expediente: Xunta de Goberno local.

c) Teléfono: 982546172

d) Telefax: 982546122

2. Obxecto do contrato.

a) Descrición do obxecto: Rematar a redacción do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Samos, coa documentación e contido establecidos na Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia e restantes disposicións de xeral e concordante aplicación; debe darse cumprimento á Orde da Sra. Conselleira de Política Territorial, Obras Públicas e Transporte de data 24 de xaneiro de 2007, na que se precisan as modificacións que se teñen que introducir.

b) Lugar: Samos.

c) Prazo: 10 meses.

3. Tramitación e procedemento:

a) Tramitación: Ordinaria.

b) Procedemento: Negociado con publicidade.

4. Orzamento base de licitación. Importe total: 60.845,69 euros, e 11.589,65 euros correspondentes ao Imposto sobre o Valor Engadido.

5. Garantía provisional, 3% do presuposto do contrato.

6. Obtención de documentación e información.

a) Entidade: Concello de Samos.

b) Domicilio: Praza de España s/n Samos.

c) Localidade e código postal: Samos 27620

d) Teléfono: 982546172/ 982 546002

e) Telefax: 982546122

f) Data límite de obtención de documentos e información: Durante o proceso de licitación.

7. Criterios de negociación e adxudicación:

- Memoria metodolóxica dos traballos a presentar, ata 30 puntos.

- Dispoñibilidade para informar a cidadanía e asistir ós órganos de goberno na toma de decisións e concertación do PXOM, ata 25 puntos.

- Melloras adicionais consistentes en: Estudo detallado e documentación complementaria a integrar no PXOM; medidas concretas para implementar a posta en marcha do PXOM; estudo e avaliación dos recursos locais a integrar no PXOM, ata 25 puntos.

- Dixitalización e interactividade no acceso ó PXOM, ata 10 puntos.

- O prezo ofertado, ata 5 puntos.

- O prazo de execución, ata 5 puntos.

8. Presentación das solicitudes de participación.

a) Data límite de presentación: 10 días naturais dende a publicación deste anuncio no BOP:

b) Documentación a presentar nas solicitudes de participación:

As solicitudes de participación presentaranse en sobre fechado, asinado polo solicitante e con indicación do domicilio para os efectos de notificacións, nos que se fará constar a denominación do sobre e a lenda «Solicitud para participar na contratación do remate da redacción do Plan de Ordenación Municipal do Concello de Samos».

As solicitudes de participación deberán ir acompañadas dos documentos seguintes:

1) Os que acrediten a personalidade xurídica do empresario e, se é o caso, a súa representación e así como a capacidade de obrar dos empresarios, que se acreditará:

a.- Os empresarios que foren persoas xurídicas, mediante a escritura ou documento de constitución, os estatutos ou o acto fundacional, nos que consten as normas polas que se regula a súa actividade, debidamente inscritos, se é o caso, no rexistro público que corresponda, segundo o tipo de persoa xurídica de que se trate.

Os que comparezan ou asinen proposicións en nome doutro, presentarán copia notarial do poder de representación, bastantado polo Secretario da Corporación.

Se o licitador fóra persoa xurídica, este poder deberá figurar inscrito no Rexistro Mercantil, cando sexa esixible legalmente.

Igualmente a persoa con poder bastantado para os efectos de representación, deberá acompañar fotocopia compulsada administrativamente ou testemuño notarial do seu Documento Nacional de Identidade.

b.- Os empresarios non españois que sexan nacionais de Estados membros da Unión Europea pola súa inscrición no rexistro procedente de acordo coa lexislación do Estado onde están establecidos, ou mediante a presentación dunha declaración xurada ou un certificado, nos termos que se establezan regulamentariamente, de acordo coas disposicións comunitarias de aplicación.

c.- Os demais empresarios estranxeiros, con informe da Misión Diplomática Permanente de España no Estado correspondente ou da Oficina Consular en cuxo ámbito territorial radique o domicilio da empresa.

2) A proba, por parte dos empresarios, da non concorrencia dalgunha das prohibicións para contratar reguladas no artigo 49 da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público poderá realizarse:

a. Mediante testemuño xudicial ou certificación administrativa, segundo os casos, e cando dito documento non poida ser expedido pola autoridade competente, poderá ser substituído por unha declaración responsable outorgada diante dunha autoridade administrativa, notario público ou organismo profesional cualificado.

b. Cando se trate de empresas de Estados membros da Unión Europea e esta posibilidade estea prevista na lexislación do Estado respectivo, poderá tamén substituírse por unha declaración responsable, outorgada diante dunha autoridade xudicial.

3) Os que acrediten os requisitos da súa solvencia económica, financeira e técnica ou profesional.

4) As empresas estranxeiras presentarán declaración de someterse á Xurisdicción dos Xulgados e Tribunais españois de calquera orde, para todas as incidencias que de modo directo ou indirecto puidesen xurdir do contrato, con renuncia, se é o caso, ao foro xurisdiccional estranxeiro que puidese corresponder ó licitador.

Os criterios de selección de participantes constan recollidos na cláusula sexta do prego de cláusulas económico administrativas particulares.

c) Lugar de presentación:

1.^ª Entidade: Concello de Samos.

2.^ª Domicilio: Praza de España s/n.

3.^ª Localidade e código postal: Samos 27620

9. Apertura das solicitudes de participación.

a) Entidade: Concello de Samos.

b) Domicilio: Praza de España s/n.

c) Localidade: Samos.

d) Data: A apertura das solicitudes de participación terá lugar no prazo de dous días hábiles desde que finalice o prazo de presentación de tales solicitudes. A data e hora da xuntanza da mesa de contratación publicitárase no taboleiro de edictos do Concello e comunicárase vía fax ás empresas que solicitan participar.

e) A presentación de proposicións e a apertura das que presenten os licitadores invitados, axustárase ó previsto na cláusula novena do prego de cláusulas económico-administrativas particulares.

10. Gastos de anuncios a cargo do contratista, adjudicatario.

11.- Composición da mesa de contratación:

Ós efectos do establecido no Real Decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei

30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público, faise pública a súa composición:

- D. Julio Gallego Moure, que actuará como Presidente da Mesa.

- D.^a María José Vázquez Rigueira, vocal (Secretaría-Interventora da Corporación)

- D. José Manuel Pérez Rodríguez (concelleiro de obras e servizos).

- D. José Luis López Moure, Axente de Desenvolvemento Local.

- D.^a Marisol Orille Díaz (concelleira-Tesoureira)

- D.^a Olga Valdés Sánchez, que actuará como Secretaría da Mesa.

En Samos, a 10 de xullo de 2009.- O Alcalde, Julio Gallego Moure.

R. 04072

TABOADA

Anuncio

O Concello de Taboada, no Pleno ordinario de data 1 de xuño de 2009 acordou o inicio do expediente de alteración da calificación xurídica dun camión marca Nissan, modelo M11014, matrícula C-5470-AY a fin de desafectalo do servizo de recollida de basura. Sométese iste acordo a información pública durante un mes, dacordo co establecido no artigo 8 do Regulamento de Bens das Entidades Locais, toda vez que se incou o expediente no que se acredita a oportunidade e legalidade do mesmo.

Taboada, a 8 de xullo de 2009.- O Alcalde, ilexible.

R. 03948

DECRETO de 07 de xullo de 2009

